



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vicentí, 8
36930 Bueu
Pontevedra

Outorgamento da modificación non substancial, para instalación de cubrición removible e mobiliario urbano da concesión administrativa outorgada ó concello de Bueu mediante resolución de data 27.11.2000, para construción dun centro social do mar e mercado de abastos

CLAVE: 13-17-00-C-1

TITULAR: Concello de Bueu

ANTECEDENTES

Por resolución do presidente de Portos de Galicia de data 27.11.2000 outorgouse unha concesión administrativa ó Concello de Bueu para a construción dun centro social do mar e mercado de abastos. A vixencia da concesión é ata o 30.11.2015.

O 17.11.2014 outórgase unha modificación non substancial da concesión para incluír unha zona de reserva de carga e descarga, legalizar unha liña de media tensión e autorizar as obras de conservación e remodelación, non constando a finalización das ditas obras, polo que aínda se atopa pendente de realización o recoñecemento final.

O 20.05.2015, con número de rexistro de entrada 5498, o alcalde de Bueu D. Felix Juncal Novas, xunto coa remisión do prego de bases da convocatoria pública para a explotación do bar -cafetería, localizada no ámbito da concesión, solicita a prorroga da concesión. O 28.07.2015 ofrécense as condicións nas que se podería outorgar a dita prorroga.

O 30.07.2015 con número de rexistro de entrada 8248, o Alcalde de Bueu solicita autorización para realizar unha mellora do espazo destinado a mercado tradicional mediante a instalación de mobiliario urbano e cunha cubrición removible na fachada do mercado e nunha superficie aproximada de 150 m².

Paralelamente o 04.08.2015, con número de rexistro de entrada 8361, recíbese a aceptación de condicións da prorroga da concesión, resolvendo o Presidente de Portos de Galicia a citada prorroga o 09.09.2015. Dado que foron aceptadas as condicións de xeito paralelo á solicitude dunha nova actuación non foi posible incluír a autorización destas obras no novo título, motivo polo cal procede incoar un novo expediente de modificación da concesión.

As actuacións solicitada o pasado 30 de xullo son as descritas na documentación técnica achegada xunto coa solicitude titulada "Adecuación física e mellora do espazo destinado a mercado tradicional de venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos", redactado en febreiro de 2015 pola arquitecta Iria Pazos Neira, e ten un orzamento de 32.360,00 € (IVE excluído).

Inclúe a instalación de bancos e a cubrición dun espazo de 30x5 m (150 m²) realizada mediante estrutura de perfís laminados de aceiro (pérgola) e cubrición feita con téxtil impermeable, que segundo semella na documentación técnica achada permite a súa remoción, e polo tanto non sería computable ós efectos de edificabilidade. Non obstante, no suposto de que a cubrición non tivese a consideración de non computable a efectos de edificación, este novo volume sería inferior o 10% autorizado tanto en superficie ocupada como en volume, polo que seguiría sendo unha modificación non substancial.

A xefa de área de explotación e planificación de Portos de Galicia, co visto bo do Director emite informe favorable a actuación solicitada o 11.09.2015.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Visto o artigo 88 do R.D. Legislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante, aplicable en defecto de lexislación autonómica propia.

Tendo en conta que as actuacións previstas non supoñen un incremento de superficie concesional e non implican a ampliación do volume ou da superficie construída, sendo polo tanto unha modificación non substancial.

Visto o informe favorable da xefa da área de explotación e planificación co visto e prace do Director de data 11.09.2015.

Considerando que ca autorización da modificación non substancial da concesión solicitada non se prexudica o desenvolvemento das actividades portuarias nin se producen danos a terceiros, e en todo caso mellórase a prestacións dos servizos.

De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións delegadas pola Sra. Conselleira do Medio Rural e do Mar, conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012, RESOLVO:

- **Autorizar ó Concello de Bueu a modificación non substancial da concesión administrativa** outorgada mediante resolución do Presidente de Portos de Galicia de data 27.11.2000, e prorrogada o 09.09.2015, para construción dun centro social do mar e mercado de abastos, co fin de **autorizar a instalación de cubrición removible e mobiliario urbano** dentro do ámbito concesional, segundo a documentación técnica achegada á solicitude de data 30.07.2015. **As condicións baixo as que se outorga esta modificación son as incluídas na prorroga resolta o 09.09.2015.**
- O prazo para a execución da actuación solicitada e de **DOUS (2) MESES** prorrogable. Unha vez finalizadas as actuacións realizadas **quedarán reflectidas na acta de recoñecemento final** indicada na condición particular primeira do título concesional de data 09.09.2015. Consecuentemente ampliase o prazo establecido na citada condición particular primeira do título concesional para realizar a acta de recoñecemento final, a cal se realizará segundo o disposto na condición xeral 13ª do citado título.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso -administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

Non obstante, o interesado poderá optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, perante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1. da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 15 SET. 2015

O presidente



José Juan Durán Hermida